

AS RESPOSTAS DA AGADIC APARECEN EN VERMELLO.

1. Para a nova modalidade Modalidade 4: subvencións á actividade escénica de carácter trianual.

- Aclaración do punto 7 que di.- Non poderá presentarse un mesmo proxecto a distintas modalidades. Aclarar que un proxecto de produción dun espectáculo pode formar parte dun proxecto trianual de produción e distribución.

(Texto completo) Sen prexuízo da posible presentación de máis dun proxecto distinto por unha mesma persoa solicitante nas distintas modalidades, só poderá ser obxecto de subvención un proxecto por persoa física ou xurídica. Para estes efectos, a persoa solicitante deberá establecer unha orde de prelación sobre os proxectos presentados, que a Comisión de Valoración terá en conta no caso de que varios proxectos se consideren subvencionables. Non poderán presentar o mesmo proxecto distintas persoas beneficiarias. Non poderá presentarse un mesmo proxecto a distintas modalidades.

As empresas que se presenten a esta modalidade non poderán presentar esas producións de maneira independente a outras modalidades.

- Anexo VI – Plan económico financeiro.- A estimación de gastos contabilizados ata a data da estrea. Isto é incompatible coa filosofía das axudas. Por outro lado que entendemos que hai que sumar os gastos das diferentes producións e ademais engadir un novo concepto que sería distribución?

1 Son gastos subvencionables os relativos á produción escénica estreada nas datas determinadas na base terceira da presente convocatoria conforme o plan económico-financeiro presentado e que se realicen:

1 - Desde o 1 de xaneiro de 2020 ata a data da estrea da produción subvencionada no ano 2020 ou ata a realización de todas as funcións comprometidas no caso da modalidade 4.

2. Con respecto ao anexo deberán presentar un único anexo e acompañalo doutro documento co desglose de cada produción coa correspondente distribución.

- Os anexos de produción.- Ficha de produción, Historial do director, compromiso de contratación. Hai que presentar un por cada produción que se vaia realizar? Quero dicir se no proxecto se inclúen a produción de 2 espectáculos, haberá que duplicar estes anexos?

Deberán presentar dúas fichas de produción, unha por cada espectáculo. Se o director dirixe os dous espectáculos, só é necesario enviar un único historial e os compromisos de contratación deben de ser un por cada unha das producións nas que os actores van a participar.

- Criterios artísticos da memoria do proxecto.- (Memoria de dirección, interese cultural e artístico, estratexias de difusión,...)Entendemos que hai que presentalos de cada produción de espectáculo que se realice ou do proxecto xeral de produción e distribución?



Poden presentar unha memoria por cada proxecto de maneira independente ou facer unha memoria do proxecto conxunta, onde apareza reflectida claramente a memoria de dirección completa de cada un dos espectáculos que conforman o proxecto coa correspondente distribución.

-. De que maneira a compañía pode establecer as prioridades entre dous proxectos presentados?.

Si una compañía se presenta un proxecto a modalidade trianual e outro proxecto distinto a outra, deberá facer una nota con cada proxecto indicando que, no caso de ser susceptibles de ser subvencionados indique cal prefere.

A convocatoria di: Para estes efectos, a persoa solicitante deberá establecer unha orde de prelación sobre os proxectos presentados, que a Comisión de Valoración terá en conta no caso de que varios proxectos se consideren subvencionables

2.- O procedemento CT403B aparece como pechado por estar xa fóra de prazo.

Queremos solicitar se é posible que as compañías poidan ir completando o proceso. Ata onde sabemos o RD fala de aprazamento das convocatorias pero non da paralización dos trámites (como por exemplo, ir subindo documentación), ademais que de manter o procedemento pechado unha vez aberto de novo tememos que teñades unha chea de traballo atrasado na Agadic e todo se ralentizará aínda máis.

O RD fala de interrupción de prazos e que se reanudarán cando se levante a situación de estado de alarma. Ata o día 24 estivo activa a sede, ese día pechou porque era o fin de prazo e volverá a abrirse cando se recupera a situación normal, non obstante, imos ver se temos algunha opción para que esté aberta.